

UN PROXECTO DO CESGA, FINALISTA DOS PREMIOS EGANET EN “EDUCACIÓN DIXITAL”

- **O proxecto “Comunidades Rurais Virtuais en Cloud para Educación” se está a desenvolver en colaboración co CRA de Boqueixón –Vedra.**
- **Os finalistas escolléronse entre os 91 traballos presentados.**

Santiago, 21 de Decembro de 2010. - O proxecto "**Comunidades Rurais Virtuais**", desenvolvido polas áreas de e-Learning e Sistemas do Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA, e o CRA de Boqueixón –Vedra, é un dos catro finalistas da categoría "Educación Dixital" da sétima edición dos Premios EGANET, á que se presentaron 91 proxectos.

Os premios EGANET recoñecen o labor dos profesionais e empresas galegas que traballan con tesón, calidade e alto nivel competitivo no desenvolvemento do sector TIC en Galicia, e están dirixidos a recoñecer o máis destacado do ano en materia de innovación, calidade, apertura de mercado, compromiso social ou orixinalidade. O fallo do xurado coñecerase na Gala dos Premios que se celebra mañá martes 22 de decembro, a partir das 19:00 horas, no Pazo de Congresos de Galicia en Santiago.

Son tamén finalistas na categoría Educación Dixital:

CEIP Nétoma-Razo, CEIP Joaquín Rodríguez Otero, CEIP O Graxal: *O Campo da Feira*

CP de Enxeñaría en Informática de Galicia: *Navega con Rumbo polo Ciberespazo*

Interacción/Imaxin: *O valor de IGU*

Rural Cloud

O proxecto "**Comunidades Rurais Virtuais en Cloud para Educación**", coordinado pola área de e-Learning do Centro de Supercomputación de Galicia, está a desenvolver e avaliar unha experiencia piloto no CRA de Boqueixón-Vedra, en colaboración co profesorado, para analizar a viabilidade e adecuación desta novidosa tecnoloxía de acceso a recursos e infraestruturas distribuídas, ás que se accede como servizo de forma moi sinxela a través dun navegador web. Xa se conta cunha web que presenta as novidades do proxecto: <http://rural.cesga.es>, e configurouse unha infraestrutura básica virtualizada que permitirá máis adiante a integración plena do proxecto no ámbito cloud que xestiona o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Este traballo xa fora seleccionado o pasado mes de xullo polos Laboratorios de I+D de HP en California, como un dos tres mellores proxectos internacionais en "Tecnoloxía Cloud e Educación". Conta ademais co apoio e colaboración da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

CLOUD nos CRA

A Computación Cloud (ou en nube) é un tipo de tecnoloxía de recente aparición que permite acceder a unha serie de servizos informáticos e responder a necesidades do usuario de forma flexible e personalizada, a través de Internet. Os usuarios, neste caso, os membros da comunidade educativa (nenos, pais, profesores) poderán acceder a todos os servizos dispoñibles no sistema (aplicacións, recursos, etc.) sen necesidade de seren expertos ou ter que instalar ningún programa específico, posto que todos estes recursos e servizos se executan en servidores remotos configurados "na nube" (é dicir, en Internet).

A aplicación de cloud computing no ámbito dos Colexios Rurais Agrupados, formados por grupos de pequenas escolas unitarias distantes entre si varios quilómetros, proporcionaría ferramentas de traballo e comunicación para mellorar as súas propostas educativas cohesionar a actividade da comunidade educativa (mestres, nenos, pais) no seu conxunto

O CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é un organismo cunha traxectoria de 17 anos. O seu obxecto é fomentar e difundir servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

Máis información:

Visite <http://rural.cesga.es>

Contacto:

promocion@cesga.es

Coordinadora do proxecto no CESGA:

María José R. Malmierca: mjrm@cesga.es